

REDONDELA**A N U N C I O**

De conformidade co disposto no artigo 59.5 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada, entre outras, pola Lei 4/1999, despois de non resultar posible practicar a notificación persoal no domicilio a don Santiago Loureiro Lago, como suxeito denunciante do procedemento, notifícaselle o inicio do expediente de reposición da legalidade núm. 1/08, polas obras realizadas no camiño Louriña, 10-Cidadelle-Chapela, por don José de Sa Pereira Couto, consistentes na construción dun muro de peche polo linde oeste da parcela dunha lonxitude duns 26 metros, sen licenza ou orde de execución que as ampare.

Significándolle que, poderá ao abeiro do establecido no artigo 79 da LXPAC, deducir alegacións ou xustificacións que estime convintes en calquera momento anterior ao trámite de audiencia do expediente, contado a partir do día seguinte da publicación da presente notificación no Boletín Oficial da Provincia.

Participáselle que poderá examinar o expediente no servizo de urbanismo do Concello de Redondela (negociado de disciplina urbanística), en horario laboral de luns a venres de 9.00 h a 14.00 h.

Redondela, 21 de maio de 2008.—O Alcalde, Xaime Rei Barreiro. **2008005800**

* * *

RODEIRO**E D I C T O**

Solicitado nesta Alcaldía por Comandancia da Garda Civil de Pontevedra, licenza municipal para a instalación dun depósito de gas propano de 2.450 litros (aéreo), para subministro de gas do acuartelamento da Garda Civil de Rodeiro, sito en A Raña, 37-Rodeiro, cumprindo o disposto polo parágrafo a), do número 2, do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Noxentas, Insalubres e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, co fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse dende o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da provincia— poidan examinalo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Rodeiro, 22 de maio de 2008.—O Alcalde en funcións, ilexible. **2008005741**

SALVATERRA DE MIÑO**E D I C T O**

Durante o prazo de dez días, pódense presentar reclamación en relación coa solicitude de dona Pérez Morais, Ana María, para droguería e centro de estética, sito en rúa Rosalía de Castro, 66 PBJC - Salvaterra.

Salvaterra de Miño, a 20 de maio de 2008.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro. **2008005735**

E D I C T O

Durante o prazo de dez días, pódense presentar reclamación en relación coa solicitude de don José Antonio Abril González, en representación de Publicidad Abril Salvaterra, S.L., para comercio de artigos de regalo, sito en rúa Rosalía de Castro, 107 PBJ 2-Salaterra.

Salvaterra de Miño, a 19 de maio de 2008.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro. **2008005663**

E D I C T O

Durante o prazo de dez días, pódense presentar reclamación en relación coa solicitude de dona Mariana Rodríguez Rodríguez, para tenda de decoración, sito na rúa do Miño, 20 PBJ 3-Salaterra.

Salvaterra de Miño, a 20 de maio de 2008.—O Alcalde, Arturo Grandal Vaqueiro. **2008005734**

* * *

TOMIÑO*Corrección de erro*

No “Boletín Oficial” da provincia número 87 de data do 7 de maio de 2008 publicouse anuncio de aprobación definitiva da Modificación puntual número 4 do PXOM de Tomiño pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

Por conseguinte, ó abeiro do establecido no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, rectifícase a data da Orde de aprobación definitiva da devandita consellería, de tal forma que onde di: “orde do 9 de abril de 2008”; debe dicir: “orde do 4 de abril de 2008”.

Tomiño, a 23 de maio de 2008.—A Alcaldesa, Sandra González Álvarez. **2008005801**